

	 <p>Amigos da Terra</p>	<p>CAMPO DE TRABAJO ALTERNATIVO BIOCONSTRUCCIÓN E AUTOCONSTRUCCIÓN</p>	
		<p>Amigos da Terra Rúa da Concordia 20,2º esquerda 32003 Ourense Tel: 34 988 374318 Fax: 34 988 511020 e-mail: info@amigosdaterra.net</p>	

CONTIDOS E ACTIVIDADES

Pretendemos que este Campo de Trabajo conforme un exemplo práctico e vivencial das **técnicas bioclimáticas e materiais ecolóxicos existentes** para a minimización dos impactos ambientais, sociais e que sobre a nosa propia saúde, se xeneran co noso xeito de vida. Co obxectivo de comprobar as posibles solucións aplicables nas nosas propias vivendas, poderemos facer dos nosos fogares espazos máis confortables para nós e máis respectuosos co planeta.

Temas a tratar:

- Criterios para unha construción sostible
- Nocións sobre xeobioloxía
- Emprego de diferentes materiais e técnicas de bioconstrución
- Parámetros bioclimáticos. Enerxía solar pasiva
- Tipos alternativos de construción
- Eficiencia enerxética e enerxías alternativas

As Corcerizas demostra outro xeito de desenvolvemento, no que as persoas somos a clave para participar nas posibles solucións locais fronte á situación de crise ecolóxica global actual. Será polo tanto un espazo propicio para tratar outras temáticas tentando de adoptar unha visión máis integral:

- Permacultura
- A Xestión do noso Monte
- Conservación do Patrimonio
- Alternativas para un consumo responsable

E o faremos dende distintos enfoques: obradoiros, roteiros interpretativos, xogos, dinámicas de grupo, vídeo-fóruns, debates... combinado cos traballos comúns que desenvolveremos no equipamento e a formación práctica en bioconstrución.

	 <p>Amigos da Terra</p>	<p>CAMPO DE TRABALLO ALTERNATIVO BIOCONSTRUCCIÓN E AUTOCONSTRUCCIÓN</p>	
		<p>Amigos da Terra Rúa da Concordia 20,2º esquerda 32003 Ourense Tel: 34 988 374318 Fax: 34 988 511020 e-mail: info@amigosdaterra.net</p>	

Descrición das actividades

1. Bioconstrución

- Formación sobre criterios e técnicas de bioconstrución.
- Actividades de rehabilitación baixo criterios de bioconstrución no equipamento de As Corcerizas.
- Tratamentos naturais de mellora e protección das estruturas de madeira dos edificios.
- Formación sobre Permacultura e construción de estruturas con balas de palla.
- Manexo de masa de Cal e/ou Cemento Branco.
- Elaboración e aplicación de pinturas ecolóxicas.

2. Educación e sensibilización

- Mellora e aproveitamento do sotobosque das inmediacións das instalacións.
- Charlas – coloquio e vídeo-fóruns sobre diferentes aspectos e problemáticas sociais e ambientais.
- Obradoiros ambientais.
- Coñecemento práctico sobre as posibilidades e viabilidade das enerxías renovables e tratamentos alternativos para a xestión de residuos.

3. Outras actividades

- Roteiro ambiental, etnográfico e interpretativo a Rebordechao, pobo típico da montaña galega.
- Astronomía.
- Orientación na natureza.
- Xogos e actividades de divertimento.
- Saída: visita a un proxecto de bioconstrución. Paseo pola vila de Allariz e baño no río Arnoia.
- Visita á cidade de Ourense e baño nas termas.